

O grupo de folk Saraibas actuará o día 12 en Sargadelos, no seu vixésimo aniversario

Saraibando con harmonía

Foi no San Roque de Somozas do ano 1978, cando seis amigos de San Sadurniño, afeitos a cantar en festas e vodas, decidiron participar no concurso de grupos que alí se celebraba. Gañaron a competición —rinse ó lembrar que foron os únicos participantes— e iniciaron así unha traxectoria que en 1998 cumpre os

seus primeiros 20 anos. A partires de aquí, a carreira de Saraibas seméntase con cinco discos oficiais, diversas colaboracións, xiras por Europa e Sudamérica ou a organización do concurso infantil «Cantareliña» durante os seus oito anos de vida. O próximo día 12 de febreiro actuará en Sargadelos.

FERROL. NICOLÁS VIDAL

Martín e Miguel Sanjurjo, dous dos tres membros orixinais do septeto, debullan recordos destas dúas décadas e reflexionan ácidamente acerca da situación da música folc galega na actualidade coa perspectiva de levar 20 anos nela.

En canto ó balance, Miguel afirma que «é moi positivo, ademais agora somos mellores músicos. Son moitos os anos e moitas es experiencias», salienta Martín. Agrega «temos actuado tanto no remolque dun tractor no Courel, como no Pazo da Unesco de París, nun escenario de trinta metros e diante 2.500 persoas».

Apoio fundamental

Relativizan o éxito do folk galego do momento. Un boom «provocado polo éxito de Carlos Núñez», tercia o actual guitarrista Juanjo Porto. Miguel puntualiza que a importancia do apoio dos medios é fundamental e maior que hai anos. De tódolos xeitos circunscriben o ñexito a grupos de música instrumental e, como paradoxa, afirman que «do vocal non se fala».

Desmarcados dos actos de Galicia Terra Única «porque non quixeron cumprir coa palabra dada inicialmente», da actual música son críticos con movementos «grotescos» como a *bravú*, «é unha moda sen valor», salientan, e co papel da televisión pública galega: «Temos actuado en programas especiais ou no Luar. Pensamos que hai mestura de contidos e se minusvalora ós artistas galegos. A nosa música debería ter espazos propios, ¿a cantos grupos galegos os invitan a televisións como a vasca, a andaluza ou a catalana?».

Esto contrasta cun conxunto



O grupo Saraibas matina na posibilidade de editar en cd os oito discos de Cantareliña

que é máis reclamado fóra de Galicia que na súa terra, tendo por elo que renunciar a moitos concertos pola súa condición de non profesionais. Deste vinte anos de música, un dos feitos dos que falan con máis orgullo os irmáns Sanjurjo é o da creación e organización do concurso de música infantil

Cantareliña, que se celebrou entre os anos 1983 ao 1991. «Aínda que —comentan cun tono irónico: haxa xornalistas que pensen que antes do Xabarín non había produtos musicais para e polos cativos».

Cantareliña sobrepasou os límites do concurso, mobilizando anualmente a centos de ne-

nos galegos, para se converter nun produto cultural e didáctico que incluía a gravación das cancións, edicións coas letras, partituras, contos e exercicios para traballar no colexio. Por esta iniciativa, Saraibas gañou no ano 1986 o Premio da Crítica de Galicia de actividades culturais.

A coherencia temática

Ademais dun traballo de recuperación de música popular en cinco discos oficiais, dos que se levan vendidas máis de 30.000 copias, sintense satisfeitos dunha coherencia temática nos seus temas propios no eido do comentario social, ou de seren pioneiros con inquedanzas como o ecoloxismo. No exclusivamente instrumental, lembran que foron «o primeiro grupo vocal galego en usar instrumentos como acordeóns ou arpas».

Para celebrar este vixésimo aniversario, Saraibas está a matinar na posibilidade de editar en Cd os oito discos de Cantareliña, ou

ben un novo traballo do grupo ou un recopilatorio deste 20 anos de carreira. Na actualidade, ofertas non lles faltan: dúas compañías de Galicia e dúas de fora xa os tentaron.

O próximo día 12 na galería Sargadelos sonarán as cancións de Saraibas. Algunhas como *Rebola-bola* ou *Nación* levan connosco moitos anos. Outras, que veñen de nacer, levan a marca dunha casa veterana pero que aínda conserva os mesmos alicerces. «Non ten sentido o cantar/que non reflexe vivencias/Da terra, do ceo, do mar/De amores ou de experiencias».

La Sociedad Artística convoca los premios de dos certámenes de narrativa corta

FERROL
Redacción

La Sociedad Artística Ferrolana, en el ánimo de fomentar y estimular el desarrollo de la cultura en el género literario de narraciones cortas, ha convocado la segunda edición de los Premio Proa 98. Pueden concurrir todas las personas que lo deseen siempre que sus trabajos se ajusten a las bases que rigen el certamen.

Todas los relatos deben abordar como tema obligado las creaciones relacionadas con el mar, pudiendo los interesados presentar todas las obras que deseen, siempre originales, en las lenguas gallega o castellana sin límite de extensión.

Respecto a las condiciones estipuladas para la entrega de las narraciones, los autores deberán acompañar el nombre, domicilio, teléfono y profesión. Se estipula, asimismo, la obligatoriedad de que cada obra esté firmada por el autor reseñando en el sobre la especificidad del certamen al que se concurre.

La sociedad organizadora informa de que los trabajos enviados no serán devueltos a sus autores.

La dirección a la que deberán remitirse las narraciones es el apartado de correos 339, 15.480 de Ferrol antes del próximo 30 de junio. Los trabajos premiados recibirán una placa y un diploma, al tiempo que no se descarta la publicación de esas obras.

Álvaro Paradelo

También en el género de narrativa corta, la Saf mantiene el mismo plazo que el certamen anterior para presentar los trabajos al premio regional Álvaro Paradelo, que este año cumple su cuarta edición.

Las bases estipuladas coinciden con la exigidas para los relatos cuyo contenido versará sobre el mar, si bien en esta convocatoria la organización concede plena libertad temática a los autores. Los trabajos, en este caso, deberán ser inéditos y se merecerá un reconocimiento especial al mejor escrito en castellano.

AGENDA DIARIA

CONSTRUCCIONES GABÍA
VENDE PISOS Y APARTAMENTOS
EN CEDEIRA (PASEO DEL GENERALÍSIMO, CUATRO CAMINOS) Y VALDOVIÑO (PUERTA DEL SOL)
TELÉFONO: 48 02 30

Amboage FAX DISCO BAR
SE IMPARTEN CLASES DE
BAILE POPULAR CUBANO
Grupo invitado "EL CALOR DEL SON"
(clases gratuitas) de 21,00 a 23,00 horas
TODOS LOS DÍAS... Y SEGUIMOS LA FIESTA DE LO MÁS NATIVO.
Tels.: 35 54 43 • Móvil: 929 877924 • C/ Anzo, 21 • Plaza de Amboage